



ELECCIÓN Ó CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA AO ALUMNADO

En cumprimento do disposto na Resolución do 25 de setembro de 2018 da DXCRRHH e da DXEFPIE (DOG 8/10/18), pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 8 de outubro de 2018), a Xunta Electoral constituída no centro para coordinar o proceso electoral e fixar o calendario de actuacións, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR ALUMNADO**, segundo o seguinte:

1. Corresponde renovar e polo tanto elixir **DOUS** alumnos/as como consecuencia da renovación parcial, na que cesan de dous dos catro que representantes que corresponden ao alumnado.
2. Son electores e elixibles tódolos alumnos/as matriculados no centro no presente curso.
3. O **censo electoral** está exposto no taboleiro do centro. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, ata ás 14.00 horas do día 20 de novembro.
4. A **presentación de candidaturas** poderá formularse dende o **9 ao 20 de novembro**, segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Instituto.
5. A **relación de candidaturas** presentadas exporase no taboleiro a partir do 21 de novembro. As reclamacións á mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, ata ás 14.00 horas do día 23 de novembro de 2018.
6. O sorteo dos membros da **mesa electoral** realizarase en acto público, entre os alumnos/as que non se presenten como candidatos o 21 de novembro ás 11.30 horas. Dita mesa electoral estará formada polo Director, que actuará como Presidente, e dous alumnos/as, actuando de secretario o de menor idade.
7. A **campaña electoral** comprenderá do 22 ao 28 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do centro.
8. As **votacións** realizaranse o **29 de novembro de 2018**, a mesa será constituída o mesmo día, en acto público, ás 9.20 horas.
9. O voto será directo, secreto e non delegable. Cada alumno fará constar na súa papeleta un máximo de **UN** nome da listaxe de candidatos presentados.
10. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se puideran formular.

A Coruña, 8 de novembro de 2018.

O Director e Presidente da Xunta Electoral

Xosé Luís González Rodríguez



ELECCIÓN Ó CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA ÁS NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS

En cumprimento do disposto na Resolución 25 de setembro de 2018 da DXCRRHH e da DXEFPIE (DOG 8/10/18), pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 8 de outubro de 2018), a Xunta Electoral constituída no centro para coordinar o proceso electoral e fixar o calendario de actuacións, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE NAI E PAIS DO ALUMNADO**, segundo o seguinte:

1. Corresponde renovar e polo tanto elixir **UN** representante de nais, pais ou titores legais de alumnos. (continúan un dos elixido e designado pola ANPA)
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no centro no presente curso e incluídos no **censo electoral** que está exposto no taboleiro do centro. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, que poderán presentar na Secretaría do centro ata ás 14.00 horas do día 20 de novembro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Instituto. A **presentación de candidaturas** poderá formularse dende o **9 ao 20 de novembro**, segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Instituto.
4. A **relación de candidaturas** presentadas exporase no taboleiro a partir do 21 de novembro. As reclamacións á mesmo realizaranse mediante escrito razoado dirixido a Xunta Electoral, ata ás 14.00 horas do día 23 de novembro de 2018.
5. O sorteo dos membros da **mesa electoral** realizarase en acto público, entre as nais, pais e titores legais que non se presenten como candidatos o 21 de novembro ás 11.30 horas. Dita mesa electoral estará formada polo Director, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.
11. A **campaña electoral** comprenderá do 22 ao 28 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do centro.
12. As **votacións** realizaranse o **29 de novembro de 2018**, podendo votar dende 17.30 ata as 19.30 horas. A mesa será constituída o mesmo día en acto público ás 17.20 horas.
13. Cada elector fará constar na súa papeleta un máximo de **UN** nome da listaxe de candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admite o voto por correo. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
14. En datas próximas recibirán outra circular informándolles do candidatos/as presentados.
15. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se puideran formular.

A Coruña, 8 de novembro de 2018.

O Director e Presidente da Xunta Electoral

Xosé Luís González Rodríguez